



# ERNESTO VIÉITEZ CORTIZO

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN 2022

A Real Academia Galega de Ciencias fai pública a convocatoria dos **Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo**.

Estes premios xorden co obxecto de promover e recoñecer a investigación e o desenvolvemento, nas áreas de coñecemento integradas na RAGC: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, Química e Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais.

## PREMIOS

**Premio** a un Traballo de Investigación realizado por investigadoras/es sénior.

**Premio** para incentivar a Promoción de Mozas/os Investigadoras/es menores de 30 anos.

## PRAZO ABERTO

**Do 19 de setembro ata o 4 de novembro.**



**RAGC**/ REAL ACADEMIA  
GALEGA DE **CIENCIAS**

A Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) convoca a trixésimo segunda edición dos Premios de Investigación Ernesto Viéitez Cortizo de acordo coas seguintes bases:

## 1 PREMIOS

---

Convócanse os seguintes premios:

- a. Premio para un Traballo de Investigación realizado por investigadoras/es sénior, dotado con 6.000 €.
- b. Premio Promoción de Mozas/os Investigadoras/es menores de 30 anos, para incentivar o traballo das/os investigadoras/es máis novas/os, dotado con 2.000 €.

Poderán concederse mencións especiais ou declararse desertos.

Os premios irán acompañados dun diploma acreditativo para cada unha/un das/os autoras/es.

## 2 QUEN PODE CONCORRER

---

Poderán concorrer todas as persoas investigadoras que presenten un traballo realizado total ou parcialmente en universidades e centros de investigación de Galicia.

As académicas e académicos da RAGC non poderán ser premiadas/os.

## 3 CONDICIÓN A CUMPRIR

---

- Os traballos tratarán sobre temas ou aspectos relacionados coas áreas temáticas das seccións da Academia: Matemáticas, Física e Ciencias da Computación, Química e Xeoloxía, Bioloxía e Ciencias da Saúde, Ciencias Técnicas ou Ciencias Económicas e Sociais.
- No caso do Premio de Investigación, polo menos unha/un das/os autoras/es deberá ser Doutora ou Doutor.

- No caso do Premio de Promoción de Mozas/os Investigadoras/es unicamente poderán solicitalo investigadoras/es que aínda non cumprisen os 30 anos o día que finaliza o prazo.
- A/o solicitante debe ter a autoría e, en caso de ser varias, contar coa autorización das/os coautoras/es.
- Só se poderá concorrir a unha das dúas modalidades e presentarse unha única candidatura por solicitante.
- O traballo pode ser inédito. Tamén poderá estar publicado ou aceptado para publicación con posterioridade a 1 de xaneiro de 2022.
- Non poderán presentarse traballos que estean concorrendo a outros certames ata o acto público de entrega de galardóns.

## 4 PROCESO DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

A participación será tramitada de xeito telemático a través do envío de dous arquivos por correo electrónico a [pievc@ragc.gal](mailto:pievc@ragc.gal).

1. O formulario electrónico específico para cada modalidade estará dispoñible na web da Real Academia Galega de Ciencias ([ragc.gal](http://ragc.gal)) a partir do inicio do prazo. Este formulario achegarase nun único arquivo en formato PDF, xunto coas autorizacións de coautoras/es, acreditación da condición de doutor/a e referencia da publicación, segundo o caso.
2. Un segundo ficheiro, nomeado co lema elixido (máximo tres palabras), no que se achegará o traballo sen sinatura nin indicación algunha da/as/o/os autor/a/as/es. Na primeira páxina só se indicará título, lema, área e modalidade.

O traballo, que se acompañará dun resumo inicial (máx. 1.000 palabras) en galego ou castelán, adoptará o formato utilizado para publicacións en revistas científicas, dunha extensión máxima de 50 páxinas e cun tamaño non superior aos 5 MB.

## 5 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

---



O prazo para a presentación de candidaturas comezará o 19 setembro e rematará o 4 de novembro.

## 6 XURADO

---

O xurado constará de sete membros, cinco deles pertencentes a cada unha das seccións da Academia. Estará presidido polo Presidente da RAGC, ou a persoa na que delegue e actuará como Secretaria/o a Secretaria/o da RAGC.

O xurado poderá conceder mencións especiais e declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

## 7 OUTRAS OBSERVACIÓNS

---

As/os gañadoras/es dos premios autorizan expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo.

Aplicaranse aos premios as retencións que, se é o caso, estean previstas na vixente norma tributaria.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídas/os as/os concursantes que non se axusten ás mesmas.



EN COLABORACIÓN CON